

## ORIENTACIÓNS PARA A PROBA DE HISTORIA DA FILOSOFÍA ABAU 2024

Prezadas e prezados colegas:

Achegámosvos esta circular para, como nos cursos anteriores, facervos chegar instrucións relativas ás probas ABAU.

Antes de nada, queremos comunicarvos:

- (i) que a “Orde Ministerial pola que se determinan as características, a estrutura e o contido da avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade para o curso 2023-2024” presentada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e o de Universidades o 11/10/2023 tan só recolle os cambios mínimos necesarios para adaptar a Proba á Lei de Educación e aos novos currículos, xa que segundo o Ministerio informou a implantación gradual da nova ABAU, que comezaría neste curso, queda adiada ata a aprobación do Real Decreto por parte do novo Executivo. Con todo, **o alumnado deberá elixir, dado que xa se trata de “materias comúns”, entre a Historia da Filosofía e a Historia de España.**
- (ii) que na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Este cambio normativo implicará a futuro cambios nos xeitos de avaliar o alumnado.
- (iii) que dende o Grupo de Traballo somos plenamente conscientes da incerteza acaecida, motivada polas datas destes pronunciamentos dos Organismos responsables, nunca imputables ao Grupo de Traballo o que, dun xeito técnico, debe desenvolver o ditado.

O Grupo de Traballo tiña planificado abordar conxuntamente os novos contidos en relación co novo modelo de Proba que se debería establecer dende o Ministerio. Mais a recente Orde xa mencionada determina manter a estrutura da Proba na ABAU 2024 e á vez “atender ás adaptacións mínimas necesarias” para axustalo ao novo currículo. Así pois, neste curso 2024, que, segundo parece, será o último antes do comezo dos cambios que está a anunciar o Ministerio, **non haberá cambio na estrutura da proba. Porén, si debemos atender contidos propios do novo currículo, que serán gradualmente mais desenvolvidos.** Somos conscientes de que a nova normativa supón cambios máis substanciais que os que aquí se reflicten, mais a “caducidade” do actual modelo de exame e as datas nas que o Ministerio se está a pronunciar xustifica que non abordemos polo de agora maiores modificacións, tendo en conta, ademais, que o noso modelo de proba, en realidade, non se afasta moito das novas directrices curriculares.

Por ese motivo, **as orientacións son as mesmas que xa figuraban nas circulares dos cursos anteriores. Non haberá tampouco cambios nas directrices xerais dos criterios de corrección.** E aínda que poderían servir os exames das convocatorias ordinaria e extraordinaria do curso pasado, propoñemos un **modelo de exame actualizado** que inclúe novos contidos do currículo.

# **ESTRUCTURA DA PROBA**

1. **A proba constará de 4 PREGUNTAS e unicamente debe responderse a 1 (optatividade 1 de 4).** É dicir, o alumnado unicamente debe de responder a 1 Pregunta elixindo calquera das 4 que se lle propoñan. (Observación: Mantense a distribución temática das preguntas 1, 3 e 2, 4, incluíndo nelas os novos contidos).
2. Cada **PREGUNTA** da Proba ten dúas partes:
  - A) **Comentario de Texto**. Trátase dun fragmento ilustrativo acompañado do correspondente tema (sempre extraído da Antoloxía de Textos que figura na web da CIUG). A cualificación máxima será de 6 ptos: 3 para o comentario e 3 para o desenvolvemento do tema asociado (60 % da Proba).
  - B) **Tema a desenvolver**. Trátase dun tema (extraído da Táboa de Contidos asociados aos criterios de avaliación). Ofrécense tres temas para escoller un. A cualificación máxima desta segunda parte será de 4 ptos. (40 % da Proba).

## **ESPECIFICACIÓNS**

Para CADA PREGUNTA da Proba establécense as seguintes especificacións:

1. - **Comentario de Texto**. O Texto de CADA PREGUNTA poderá pertencer *tanto* ao Bloque de Filosofía Clásica- Medieval *como* ao Bloque de Filosofía Moderna-Ilustrada. (Observación: Non se exclúe, por tanto, entre as diferentes Preguntas, unha coincidencia do autor e/ou da época do Texto, tal e como figura no “Modelo de exame”).
2. - **Tema a desenvolver**. En CADA PREGUNTA propóñense tres Temas para escoller un. Os Temas propostos en cada Pregunta:
  - a) Os tres temas non poderán coincidir co Bloque Histórico do Texto da Pregunta.
  - b) Os tres temas pertencerán, polo tanto, aos dous Bloques Históricos restantes, sendo un deles do Bloque de Filosofía Contemporánea.

HISTORIA DA FILOSOFÍA  
**TABOA DE CONTIDOS ASOCIADOS  
 AOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
 (2024)**

	Preg. 1, 3	Preg. 2, 4
BLOQUE CLÁSICO-MEDIEVAL	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A orixe do cosmos na corrente presocrática.</li> <li>-Realidade e coñecemento en Platón.</li> <li>-Platón: antropoloxía e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.</li> <li>-Física e Metafísica en Aristóteles.</li> <li>-Ética e política en Aristóteles.</li> <li>-O problema razón/fe na Filosofía medieval.</li> </ul>
BLOQUE MODERNO-ILUSTRADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Descartes: o problema do método e a evidencia do <i>cogito</i>.</li> <li>-O liberalismo político de Locke.</li> <li>-Os límites do coñecemento en Kant. <i>[Decae texto nº2]</i></li> <li>-A lei moral en Kant. <i>[Decae textos nº 5 y 8]</i></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.</li> <li>- Razón e progreso na Ilustración. <i>[Se mantiene adscrito texto nº 1]</i></li> </ul>
BLOQUE CONTEMPORÁNEO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alienación e ideoloxía en Marx.</li> <li><b>-A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt.</b></li> <li><b>- O desenvolvemento contemporáneo do feminismo: Simone de Beauvoir.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A crítica á cultura Occidental en Nietzsche: nihilismo e transvaloración.</li> <li><b>-Da “razón vital” (Ortega y Gasset) á “razón poética” (María Zambrano).</b></li> </ul>